

ACTA NÚM. 20 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2018.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:05 horas** do día **29 de decembro de 2018**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Pedro José Rey Sanchiz.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.
Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Non asiste Don Claudio Ricardo Carracedo.Montiel

Don Juan Ramón González Carnero, **interventor do Concello**.

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela**.

ORDE DO DÍA

1.-Toma de posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).

2.- Aprobación inicial do proxecto de orzamento xeral do concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2019.

. Bases de execución do orzamento.

. Cadro de persoal.

3.- Declaración da non disponibilidad dos créditos previstos no capítulo 1 do estado de gastos do orzamento municipal para o exercicio 2019, para atender una posible suba salarial dos empregados públicos e os fondos adicionais.

4.-Proposta sobre determinación da cantidade global adicada a gratificacións por servizos extraordinarios.

1.-Toma de posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).

Non se presenta

2.- Aprobación inicial do proxecto de orzamento xeral do concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2019.

. Bases de execución do orzamento.

. Cadro de persoal.

A proposta da concelleira delegada da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, di o seguinte:

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E ADMINISTRACIÓN DE APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2019

Examinado o proxecto de orzamento do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2019, así como o do seu organismo autónomo “Auditorio de Galicia”, os estados de previsión de ingresos e gastos das sociedades mercantís de capital integramente municipal, INCOLSA e TUSSA, e das demais entidades participadas polo Concello que forman parte do expediente, Fundación Refuxio de Animais e Sociedade Mercados Centrais de Abastecimiento de Santiago S.A. (MERCAGALICIA), esta Concellería **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO: A aprobación do proxecto de orzamento xeral do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2019, co seguinte resumo por capítulos consolidado:

ORZAMENTO CONSOLIDADO:

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I	47.463.111,64	36.583.690,09
CAPÍTULO II	3.735.445,04	50.050.206,81
CAPÍTULO III	21.136.432,69	462.361,72
CAPÍTULO IV	33.460.312,97	11.135.707,16
CAPÍTULO V	473.176,65	100.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	106.268.478,99	98.331.965,78
CAPÍTULO VI	1.064.910,83	10.822.139,04
CAPÍTULO VII	3.926.180,26	2.379.800,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	4.991.091,09	13.201.939,04
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	111.259.570,08	111.533.904,82
CAPÍTULO VIII	94.000,00	90.000,00
CAPÍTULO IX	4.197.066,66	3.640.216,80
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	4.291.066,66	3.730.216,80
TOTAL ORZAMENTO 2019	115.550.636,74	115.264.121,62

O mesmo componse dos seguintes orzamentos:

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA:

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I	47.463.307,24	32.446.051,45
CAPÍTULO II	3.735.445,04	47.265.614,68
CAPÍTULO III	18.880.077,95	454.171,47
CAPÍTULO IV	32.532.133,42	14.943.207,16
CAPÍTULO V	438.079,20	100.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	103.049.042,85	95.209.044,76
CAPÍTULO VI	1.064.910,83	10.241.139,04
CAPÍTULO VII	3.926.180,26	2.379.800,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	4.991.091,09	12.620.939,04
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	108.040.133,94	107.829.983,80
CAPÍTULO VIII	80.000,00	280.000,00
CAPÍTULO IX	3.630.066,66	3.640.216,80
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	3.710.066,66	3.920.216,80
TOTAL ORZAMENTO 2019	111.750.200,60	111.750.200,60

ORGANISMO AUTÓNOMO “AUDITORIO DE GALICIA”:

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I		872.192,88
CAPÍTULO II		1.610.411,21
CAPÍTULO III	583.079,09	1.000,00
CAPÍTULO IV	1.928.179,55	22.500,00
CAPÍTULO V	4.845,45	
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	2.516.104,09	2.506.104,09
CAPÍTULO VI		10.000,00
CAPÍTULO VII		
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00	10.000,00
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	2.516.104,09	2.516.104,09
CAPÍTULO VIII	10.000,00	10.000,00
CAPÍTULO IX		
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	10.000,00	10.000,00
TOTAL ORZAMENTO 2019	2.526.104,09	2.526.104,09

SOCIEDADE MERCANTIL TUSSA:

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I		2.331.667,95
CAPÍTULO II		807.594,62
CAPÍTULO III	3.094.456,00	665,25
CAPÍTULO IV		
CAPÍTULO V	109.743,48	
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	3.204.199,48	3.139.927,82
CAPÍTULO VI		571.000,00
CAPÍTULO VII		
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00	571.000,00
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	3.204.199,48	3.710.927,82
CAPÍTULO VIII	4.000,00	
CAPÍTULO IX	567.000,00	
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	571.000,00	0,00
TOTAL ORZAMENTO 2019	3.775.199,48	3.710.927,82

SOCIEDADE MERCANTIL INCOLSA:

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I		933.777,81
CAPÍTULO II		2.199.163,19
CAPÍTULO III	331.709,46	6.525,00
CAPÍTULO IV	2.830.000,00	
CAPÍTULO V		
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	3.161.709,46	3.139.466,00
CAPÍTULO VI		
CAPÍTULO VII		
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00	0,00
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	3.161.709,46	3.139.466,00
CAPÍTULO VIII	200.000,00	
CAPÍTULO IX		
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	200.000,00	0,00
TOTAL ORZAMENTO 2019	3.361.709,46	3.139.466,00

SEGUNDO: Aprobar o cadro de persoal da Corporación para o exercicio 2019.

TERCEIRO: Aprobar as Bases de Execución e restante documentación complementaria que integra o Orzamento municipal de 2019.

CUARTO: Unha vez aprobado o proxecto de orzamentos pola XGL, remitilo ao Pleno da Corporación para a súa aprobación inicial e exposición ao público, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas. No caso de non terse presentado reclamacións durante o período establecido no artigo 169 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, o mesmo considerárase definitivamente aprobado, procedéndose á publicación do seu resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia.

Xa que logo, e previo dictame da comisión municipal informativa de presidencia, erxime interior, facenda e especial de contas de 26 de decembro de 2018 e sometido o asunto á votación, obtense o seguinte resultado:

cos votos do pleno da corporación, a favor 10: 10 votos (grupo CA), votos en contra 13 votos: 3 votos (grupo PSdG-PSOE.), 2 votos (BNG) e 8 votos do Grupo Popular,

O proxecto de orzamento xeral do concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2019.

. Bases de execución do orzamento.

. Cadro de persoal.

queda rexeitado.

3.- Declaración da non disponibilidad dos créditos previstos no capítulo 1 do estado de gastos do orzamento municipal para o exercicio 2019, para atender una posible suba salarial dos empregados públicos e os fondos adicionais.

A instancia do señor alcalde e dado que este punto trae consecuencia do anterior, e ao non quedar aprobado éste, retira este asunto do orde do día, quedando sen efecto

4.-Proposta sobre determinación da cantidade global adicada a gratificacións por servizos extraordinarios.

Dase conta da seguinte proposta

PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DETERMINACIÓN DA CANTIDADE GLOBAL ADICADA A GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS

No orzamento municipal correspondente ao exercicio 2018 incluíronse, a nivel de créditos iniciais, varias aplicacións para facer fronte ao aboamento do complemento de gratificacións por servizos extraordinarios dos empregados municipais, que no seu conxunto totalizaban o subconcepto de gastos 15100 en 800.000,00 €, co seguinte desglose por aplicacións:

- 030/13200/15100: 560.000,00 €
- 030/13600/15100: 160.000,00 €
- 030/92000/15100: 80.000,00 €
- Total contía global inicialmente fixada polo Pleno para gratificacións por servizos extraordinarios: 800.000,00 €

Do estado de execución orzamentaria do que vai de exercicio, xunto coas estimacións efectuadas polos servizos afectados pola realización de servizos extrardinarios fóra da xornada habitual –fundamentalmente policía e bombeiros- conclúese que os 800.000,00 € inicialmente fixados como contía máxima adicadas a este concepto retributivo non será suficiente, precisando que ese límite quede fixado en 844.000,00 € para este ano 2018.

O artigo 6.1 do Real decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administracións locais, dispón que lle corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global adicada á asignación de gratificacións aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.c) da mesma norma -10 % da masa retributiva global calculada nos termos alí indicados-.

Tocante ao cumprimento do antedito límite porcentual, o informe emitido pola xefa do departamento de persoal o 31.10.2018 conclúe que se respertaría nos seguintes termos:

“CONCLUSIÓN

*O límite máximo para gratificacións será o resultado de aplicala porcentaxe do 10 % indicado no artigo 7 do RD 861/1986 á citada cantidade, **resultando unha contía límite para gratificacións de 1.192.337,44 €.***

Sendo que a previsión do orzamento 2018 para este concepto ascende a 800.000,00 €, conclúese que non supera os límites máximos establecidos normativamente, o que implicaría a posibilidade de incrementar a contía contemplada en tan contía en 392.337,44 € adicionais.”

Polo exposto, en cumprimento do artigo 6.1 do Real decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administracións locais, propóñolle ao **Pleno da Corporación que fixe en 844.000,00 € a cantidade global adicada no orzamento municipal do exercicio 2018 a gratificacións.**

Xa que logo, e previo dictame da comisión municipal informativa de presidencia, rexime interior, facenda e especial de contas de 26 de decembro de 2018 e sometido o asunto á votación, obtense o seguinte resultado:

Xa que logo, á vista da proposta DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO transcrita, e sometido o asunto á votación, obtense o seguinte resultado:

cos votos do pleno da corporación a favor 15: 10 votos (grupo C.A), 3 votos (grupo P.S.O.E.) e 2 votos (B.N.G), e coa abstención 8 votos do Grupo Popular adoptouse o acordo:

fixar en 844.000,00 € a cantidade global adicada no orzamento municipal do exercicio 2018 a gratificacións.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 11:11 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández